3. As disposicións desta lei serán aplicables aos cargos públicos e persoal do sector autonómico, integrado, de acordo coa *Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia*, pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e polas súas entidades instrumentais.



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



TÍTULO II

Capítulo primeiro

Rexistro de grupos de interese

Artigo 3. Natureza e ámbito

1. No ámbito da Administración da Xunta de Galicia e do seu sector público instrumental crearase un rexistro de grupos de interese para facilitar a súa identificación pública e o control de todas as súas actividades, con independencia da canle ou medio utilizado.
2. O rexistro de grupos de interese é un rexistro electrónico, de natureza administrativa e carácter público e gratuito. Os datos que conteña deberán estar dispoñibles periodicamente a través do Portal da Transparencia da Xunta de Galicia.

Artigo 4. Inscripción

1. Todos os grupos de interese deben estar inscritos no Rexistro de grupos de interese, e sen esta inscrición non poderán manter reunións ou entrevistas coas persoas indicadas no artigo 2.3.
2. A inscrición formalizarase a instancia dos grupos de interese, mediante a presentación dunha solicitude, e a resolución correspondente ditarase polo órgano responsable do rexistro nun prazo máximo de quince días. A recepción, remisión e notificación de solicitudes, declaracións, escritos e comunicacións entre o órgano responsable do rexistro e os interesados farase efectiva a través de medios electrónicos de acordo coa lexislación vixente en materia de procedemento administrativo.
3. A solicitude de inscrición deberase acompañar de información sobre as actividades que levan a cabo, os seus ámbitos de interese e o seu financiamento. Se se realiza tal actividade por conta de terceiras partes, tamén se deberá indicar a identidade dos suxeitos para os que realiza.
4. Xunto á solicitude e á información do apartado anterior, deberán formular unha declaración responsable pola que se declara que se dispón da documentación acreditativa correspondente e subscríbese a aceptación do código de conduta común ao que fai referencia o artigo 9 e das obrigas que comporta a inscrición.



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2018 11:39:14
Nº Rexistro: 41626
Data envío: 11/12/2018 11:39:14.601

Artigo 5. Contido

1.- O rexistro deberá incluír, como mínimo, unha relación, ordenada por categorías, das persoas e organizacións inscritas, ca identificación da súa sede e do seu código de conduta.

2. O rexistro debe dar publicidade, a través do Portal de Transparencia da Xunta de Galicia, das actuacións dos grupos de interese, especialmente das reunións e audiencias mantidas coas persoas do artigo 2.3 e das comunicacións, os informes e outras contribucións relacionadas coas materias tratadas.

Artigo 6. Obrigas e dereitos derivadas da inscrición

1.- A inscrición no rexistro comporta as seguintes obrigas:

- a) Aceptar que a información proporcionada se faga pública.
- b) Garantir que a información proporcionada está completa e é correcta e fidedigna.
- c) Cumprir o código de conduta.
- d) Aceptar a aplicación do réxime de control e fiscalización dos incumprimentos que establece esta lei ou no código de conduta.

2.- A inscrición no rexistro da dereito a:

- a) Presentarse como grupo de interese.
- b) Facer constar a súa contribución nas consultas públicas en calidade de grupo de interese.
- c) Ser informado sobre actos e consultas públicas respecto das actividades e iniciativas da Administración da Xunta de Galicia.
- d) Recibir información sobre a actividade formativa e de divulgación que, organizada pola Xunta de Galicia, poida ser do seu interese.

Artigo 7. Cancelación da inscrición

1. Son causas de cancelación da inscrición no Rexistro:

- a) A renuncia expresa do solicitante por cese das actividades como grupo de interese.



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

- b) A morte ou incapacidade sobrevida da persoa individual.
- c) A extinción da personalidade xurídica que, no seu caso, se ostente.
- d) A disolución das formas de actividade colectiva organizada.
- e) A perda sobrevida dos requisitos substanciais polos cales se houberse adquirido a condición de grupo de interese.

2. Existindo algunha das causas previstas no apartado anterior, a cancelación producirase, a instancias do interesado ou de oficio. Neste último caso se debe garantir, como trámite inescusable, a audiencia previa das persoas interesadas.

3. A resolución, que se notificará aos solicitantes ou interesados, deberá producirse no prazo máximo de un mes computable conforme ás normas previstas no artigo 21.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 8.- Adscrición e informe anual

1. O rexistro de grupos de interese estará adscrito á consellaría competente en materia de transparencia da actividade pública, de acordo co regulado no artigo 30 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, sen prexuízo das funcións que ao respecto se encomenden ao Comisionado da Transparencia, de acordo ao artigo 11 desta lei.

2. A persoa titular responsable do departamento ao que estea adscrito o Rexistro elevará ao Consello da Xunta de Galicia un informe anual sobre a súa actividade e funcionamento durante o exercicio, e sobre as actuacións de control e fiscalización dos grupos inscritos neste. Unha vez elevado o informe ao consello da Xunta de Galicia, remitirase ao Comisionado de Transparencia e ao Parlamento de Galicia, e publicarse no Portal de Transparencia da Xunta de Galicia.

Capítulo segundo **Código de conduta**

Artigo 9. Código de Conduta

1. Os grupos de interese quedarán sometidos na súa actuación ao seguinte código de conduta:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2018 11:39:14
Nº Rexistro: 41626
Data envío: 11/12/2018 11:39:14.601

- a) Actuar de maneira transparente, identificándose co seu nome ou co da entidade para a que presten servizos.
- b) Facilitar a información relativa á identidade da persoa ou organización a quen representa ou para a que traballan, así como os intereses, obxectivos ou finalidades desta persoa, organización ou da súa clientela.
- c) Proporcionar información actualizada e non falseada no momento da inscrición no Rexistro e mantela actualizada permanentemente.
- d) Non incitar por ningún medio ás persoas do artigo 2.3 a infrinxir a lei ou as normas éticas que lles sexan de aplicación.
- e) Non tratar de influír de maneira deshonestista na toma de decisións ou na obtención de información.
- f) Non ofrecer agasallos, favores ou servizos en condicións vantaxosas que poidan condicionar a neutralidade ou obxectividade das persoas do artigo 2.3.
- g) Informar as persoas do artigo 2.3 con quen se relacione que están a actuar en calidade da súa inscrición no Rexistro.
- h) Aceptar que a información proporcionada o rexistro se faga pública.
- i) Aceptar que se fagan públicas as súas actuacións como grupo de interese, especialmente nas reunións e audiencias celebradas con altos cargos e autoridades e as comunicacións, informes e outras contribucións en relación coas materias tratadas.
- j) Cumprir as medidas adoptadas no caso de incumprimento das obrigacións establecidas por esta lei ou polo código de conduta.
- k) Colaborar co órgano administrativo responsable do rexistro para levar a cabo todas as actuacións de control e fiscalización ás que se refire o capítulo terceiro, proporcionando a documentación que se lle requira e facilitando a realización de cantas accións de comprobación e inspección sexan necesarias.

2. En todo caso, os grupos de interese poderán aprobar códigos de conduta máis esixentes que o regulado no apartado anterior.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV REXISTRO-103-nXgBw-0
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2018 11:39:14
Nº Rexistro: 41626
Data envío: 11/12/2018 11:39:14.601

Capítulo terceiro Control e fiscalización

Artigo 10. Control e fiscalización da información do rexistro

O control e fiscalización da información achegada polos grupos de interese inscritos no Rexistro levarase a cabo, nos termos que se establezan regulamentariamente, mediante os seguintes mecanismos:

- a) Actuacións de verificación, polas que o órgano responsable do rexistro efectuará controis sobre a veracidade dos datos achegados, por propia iniciativa ou a instancias do Comisionado da Transparencia.
- b) Procedementos de alertas polos que calquera persoa poderá alertar ao órgano responsable do rexistro en relación con algunha información incluída neste que sexa errónea ou que conteña unha omisión relevante.
- c) Procedemento de investigación e tramitación de denuncias, polo que calquera persoa poderá formular unha denuncia ante o órgano responsable do rexistro, no caso de que aprecie incumprimentos do que dispón esta lei.

TÍTULO III Coordinación co Comisionado da Transparencia

Artigo 11. Coordinación e control polo Comisionado da Transparencia

A consellaría competente en materia de transparencia da actividade pública, realizará as actuacións necesarias para que o Comisionado da Transparencia, segundo regulase no artigo 32 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, teña a información precisa e puntual en todo o relacionado cos sistemas de control e fiscalización dos grupos de interese. En todo caso, tal comisionado poderá solicitar a información que considere precisa no cumprimento das súas funcións, así como levar a cabo as actuacións de control que para o efecto considere necesarias.



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2018 11:39:14
Nº Rexistro: 41626
Data envío: 11/12/2018 11:39:14.601

TITULO IV

Grupos de interese na elaboración normativa

Artigo 12. Informe de participación nos procesos de elaboración de normas

1.- Cando as actividades dos grupos de interese teñan a finalidade de influír na elaboración e adopción de anteproxectos de lei e de proxectos de decreto, a consellería competente para a súa tramitación emitirá un informe onde conste a identidade das persoas; así como a data e o obxecto dos contactos, directos ou indirectos, orais ou escritos, que mantivesen con aquela finalidade. Este informe dirimirase sen prexuízo do resto de informes previstos nas normas que regulan a participación cidadá ou a audiencia pública nos proxectos normativos.

2.- Os grupos de interese non poderán dispoñer dos anteproxectos de disposicións normativas de calquera natureza antes de que estes resulten accesibles ao público en xeral.

3.- O informe deberá ir anexo ao anteproxecto de lei que a persoa titular da consellería competente eleve ao consello da Xunta de Galicia para a súa aprobación. E deberá publicarse a través do Portal de Transparencia da Xunta de Galicia.

Artigo 13. Proceso de negociación previa á elaboración de normas

1. Cando a Xunta de Galicia considere que, pola elaboración e aprobación dun proxecto de lei ou dun decreto, hai intereses que poden resultar afectados, poderá acordar, en función da materia e á vista das circunstancias concretas, levar a cabo un proceso de participación ou negociación cos grupos que actúan en defensa daqueles intereses, tendo este proceso carácter previo ao comezo do procedemento de elaboración desas normas.

2. O acordo de inicio do proceso de negociación deberá identificar todos os intereses que poidan resultar afectados pola aprobación da norma, de acordo cos principios de obxectividade, imparcialidade, pluralidade e non discriminación.

3. O acordo designará á persoa ou persoas, altos cargos públicos ou persoal empregado público, que representarán á Administración neste proceso.



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2018 11:39:14
Nº Rexistro: 41626
Data envío: 11/12/2018 11:39:14.601

Artigo 14. Principios do proceso de negociación

1. Unha vez acordado o inicio dun proceso de negociación, a Administración deberá conducir este proceso con dilixencia e boa fe.
2. A persoa ou persoas responsables da ordenación deste proceso deberán actuar imparcialmente, garantirán a igualdade das partes e axudarán ás persoas participantes na negociación para conseguir os compromisos e decisións que consideren adecuados.
3. No proceso de negociación garantirase a pluralidade das partes e dos diferentes intereses, e a publicidade do resultado do proceso negociador.

Artigo 15. Compatibilidade coa participación cidadá e a audiencia

1. A realización dos procesos de negociación regulados neste capítulo é compatible e non substitúe a utilización das ferramentas e trámites de participación cidadá previstos na normativa vixente.
2. Cando se realizase un proceso de negociación previa dun decreto, con independencia do resultado deste proceso e co fin de garantir a igualdade participativa, deberá efectuarse necesariamente o trámite de audiencia.

Artigo 16. Carácter non vinculante do resultado da negociación

1. O resultado do proceso de negociación non vinculará á Administración da Xunta de Galicia. No caso de que a Xunta de Galicia se separe do contido do resultado do proceso de negociación, deberá motivar as razóns polas que este non resulta conveniente para o interese xeral, é contrario ao ordenamento xurídico ou versa sobre materias non susceptibles de transacción.
2. A desvinculación da Xunta de Galicia respecto do resultado dun proceso de negociación non dará lugar a ningunha indemnización aos participantes nesta negociación.



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2018 11:39:14
Nº Rexistro: 41626
Data envío: 11/12/2018 11:39:14.601

TÍTULO V

RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 17. Principios xerais

1. O incumprimento dos deberes e as obrigacións establecidos nesta lei, comporta a aplicación do réxime sancionador regulado neste título.
2. Son aplicables, en todo o que non determina este título, os principios e preceptos xerais sobre o exercicio da potestade sancionadora e o procedemento sancionador establecidos pola normativa aplicable en materia de réxime xurídico e procedemento administrativo.
3. O incumprimento das obrigas establecidas por esta lei ou polo código de conducta poderá dar lugar á suspensión temporal da inscrición no rexistro de grupos de interese e, se o incumprimento é grave, á cancelación da inscrición.

Artigo 18. Infraccións dos grupos de interese

Para os efectos desta lei, as faltas clasifícanse en graves e leves.

Así, considéranse infraccións das persoas e organizacións consideradas grupos de interese as seguintes:

1. Infraccións graves:

- a) Tratar de influír de maneira deshonesto na toma de decisións públicas ou na obtención de información. Entenderase como deshonesto a utilización de engano ou o ofrecemento de agasallos, favores ou servizos en condicións vantaxosas que poidan condicionar a neutralidade ou obxectividade das persoas referidas no artigo 2.3, sen prexuízo do que establece o Código penal.
- b) Incitar ás persoas do artigo 2.3 a infrinxir a lei ou as normas éticas que lles sexan de aplicación
- c) Inscibirse no rexistro con datos ou documentos falsos, ou omitir deliberadamente datos e documentos que deberían ser achegados.



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2018 11:39:14
Nº Rexistro: 41626
Data envío: 11/12/2018 11:39:14.601

- d) Manter contactos ou reunións coas persoas do artigo 2.3 coa finalidade de realizar a actividade de grupo de interese sen estar inscrito no rexistro correspondente.
- e) Realizar accións ou omisións co obxecto de impedir ou dificultar o adecuado desenvolvemento das funcións de control e fiscalización previstas nesta lei.
- f) Omitir deliberadamente a condición de grupo de interese coa finalidade de realizar indirectamente a actividade sen a preceptiva inscrición no rexistro.
- g) A comisión dunha falta leve cando xa fose sancionado, por resolución firme, por outra da mesma natureza no prazo de dous anos.

2. Infraccións leves:

- a) Incumprir as obrigacións derivadas do código de conduta que non estivesen cualificadas como graves de acordo a o epígrafe anterior.
- b) Non actualizar a información achegada ao rexistro cando corresponda.

Artigo 19. Infraccións dos altos cargos e persoal público

1. Considérase unha infracción para os altos cargos públicos manter ou consentir a inclusión na axenda de traballo de reunións ou entrevistas coas persoas ou organizacións consideradas grupos de interese cando non cumprisen o deber de inscrición no Rexistro correspondente.

A infracción considerárase grave ou leve en función da reincidencia ou reiteración das reunións ou entrevistas.

2. Considérase unha infracción grave para os altos cargos públicos ordenar aos empregados públicos manter reunións ou entrevistas de traballo coas persoas ou organizacións consideradas grupos de interese cando non cumprisen o deber de inscrición no Rexistro correspondente.

3. Considérase unha infracción leve para o persoal empregado público manter, sen coñecemento nin instrucións previas do cargo público do que dependan, reunións ou entrevistas de traballo, cuxo contido revista as características descritas no artigo 1.1 da presente lei, coas persoas ou organizacións



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2018 11:39:14
Nº Rexistro: 41626
Data envío: 11/12/2018 11:39:14.601

consideradas grupos de interese cando non cumprisen o deber de inscrición no Rexistro correspondente, sen prexuízo do que, no seu caso, dispoña a normativa específica aplicable en materia de función pública.

Artigo 20. Sancións aos grupos de interese

1. As sancións que se poden aplicar aos grupos de interese son as seguintes:

- a) Pola comisión de infraccións graves:
 - 1º. A declaración de incumprimento e a súa publicación no Portal de Transparencia da Xunta de Galicia, en todo caso.
 - 2º. Unha multa de entre 601 e 6.000 euros.
 - 3º. A cancelación da inscrición no Rexistro e a prohibición de volver inscribirse durante un período de un a dous anos.
 - 4º. As sancións previstas nos puntos 2 e 3 do apartado a) de maneira conxunta.
- b) Pola comisión de infraccións leves:
 - 1º. A declaración de incumprimento e a súa publicación no Portal de Transparencia da Xunta de Galicia, en todo caso.
 - 2º. Unha multa de ata 600 euros.
 - 3º. As sancións previstas nos puntos 1 e 2 do apartado b) de maneira conxunta.


2. A cancelación da inscrición no rexistro comporta a imposibilidade de realizar a actividade de grupo de interese fronte á Administración e a publicación da sanción no rexistro.

Artigo 21. Sancións aos altos cargos e persoal público

As sancións que se poden aplicar aos altos cargos públicos da Administración da Xunta de Galicia e do seu sector público instrumental son as seguintes:

- 1. Pola comisión de infraccións graves:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2018 11:39:14
Nº Rexistro: 41626
Data envío: 11/12/2018 11:39:14.601

- a) Unha multa de entre 601 e 6.000 euros.
- b) A declaración do incumprimento e a súa publicación no Portal de Transparencia da Xunta de Galicia.
- c) As sancións previstas nas letras a) e b) do apartado 1 conxuntamente.

Estas sancións serán en todo caso independentes das que se poidan establecer por incumprimentos do Código ético institucional da Xunta de Galicia e que poderá dar lugar, no seu caso, ao cese do alto cargo público.

2. Pola comisión de infraccións leves:

- a) O apercibimento polo incumprimento.
- b) Unha multa de ata 600 euros.
- c) As sancións previstas nas letras a) e b) do apartado 2 conxuntamente.

3. As sancións aplicables ao persoal empregado público, serán as establecidas nos réximes disciplinarios correspondentes de aplicación.

Artigo 22. Competencia sancionadora

- 1. Os órganos competentes para ordenar a incoación do procedemento sancionador son:
 - a) O consello da Xunta de Galicia, cando se trate dalgún dos seus membros ou dalgunha das persoas físicas ou xurídicas a que fai referencia o artigo 2.3.
 - b) A persoa titular do departamento competente en materia de transparencia, no caso de cargos públicos da Administración da Xunta de Galicia ou do seu sector público instrumental.
 - c) Os órganos competentes determinados na normativa sectorial correspondente, no caso de persoal empregado público da Administración da Xunta de Galicia e do seu sector público instrumental.



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

2. A competencia para instruír o procedemento sancionador corresponde aos seguintes órganos:

- a) O órgano do departamento competente en materia de transparencia que se determine regulamentariamente, no caso de que a persoa responsable da infracción sexa membro da Xunta de Galicia, cargo público da Administración da Xunta de Galicia e do seu sector público instrumental ou algunha das persoas físicas ou xurídicas a que fai referencia o artigo 2.3.
- b) Os órganos que determine a normativa sectorial correspondente, no caso de que a persoa responsable da infracción sexa persoal empregado público.

3. Os órganos competentes para resolver os procedementos sancionadores son:

- a) O consello da Xunta de Galicia, cando o procedemento sancionador afecte a algún dos seus membros. No caso de que afecte os suxeitos incluídos no artigo 2.3, será competencia do consello da Xunta de Galicia a resolución dos procedementos pola comisión de infraccións graves.
- b) A persoa titular do departamento competente en materia de transparencia, no caso de cargos públicos da Administración da Xunta de Galicia e do seu sector público instrumental. Neste caso deberá escoitarse, de maneira previa á resolución do procedemento, o criterio da persoa titular do departamento onde preste servizos a persoa afectada ou de quen dependa a entidade pública onde preste servizo esta persoa.

A persoa titular do departamento competente en materia de transparencia será tamén competente para sancionar ás persoas físicas ou xurídicas a que fai referencia o artigo 2.3, no caso dos procedementos pola comisión de infraccións leves.

4. No caso de altos cargos adscritos ao departamento competente en materia de transparencia, as competencias establecidas nos apartados 1. b), 2.a) e 3. b) do presente artigo serán exercidas polo titular do departamento competente en materia de administracións públicas.





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2018 11:39:14
Nº Rexistro: 41626
Data envío: 11/12/2018 11:39:14.601

Artigo 23. Prescrición das infraccións e as sancións

1. O prazo de prescrición das infraccións será de dous anos para as graves e dun ano para as leves.
2. O prazo de prescrición das sancións será de dous anos para as sancións pola comisión de infraccións graves, e dun ano para as sancións pola comisión de infraccións leves.
3. No caso de infraccións cometidas por funcionarios públicos ou persoal eventual, o prazo de prescrición será o establecido na normativa reguladora do réxime disciplinario que resulte de aplicación.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Disposición adicional primeira. Colaboración con outras administracións públicas

1. A Xunta de Galicia colaborará coas entidades da Administración local para promover a adopción de normas que regulen a transparencia da actividade dos grupos de interese no ámbito da Administración local. Con esta finalidade, adoptaranse mecanismos de colaboración para posibilitar a posible xestión centralizada dos rexistros por parte do Rexistro de grupos de interese regulado nesta lei.
2. Tamén se adoptarán mecanismos de colaboración cos rexistros que se poidan crear por outras administracións públicas.

Disposición adicional segunda. Réxime específico do Parlamento de Galicia

O Parlamento de Galicia, no ámbito da súa independencia, promoverá as modificacións necesarias no seu Regulamento para regular a transparencia da actuación dos grupos de interese na actividade lexislativa. Con esta finalidade, poderase acordar a adopción de mecanismos de colaboración entre o Parlamento de Galicia e a Administración da Xunta de Galicia para a xestión centralizada dos rexistros por parte do Rexistro de grupos de interese regulado nesta lei.



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2018 11:39:14
Nº Rexistro: 41626
Data envío: 11/12/2018 11:39:14.601

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Disposición derogatoria única. Derogación normativa

Quedan derogadas todas as disposicións do mesmo ou de inferior rango que se opoñan o disposto nesta lei.

DISPOSICIÓN FINAIS

Disposición final primeira. Habilitación normativa

1. Facúltase á Xunta de Galicia para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a aplicación desta lei, así como para establecer os protocolos de actuación que se consideren necesarios para a súa aplicación.
2. A Xunta de Galicia aprobará o desenvolvemento regulamentario necesario para a organización e funcionamento do rexistro de grupos de interese no prazo máximo de tres meses desde a entrada en vigor desta lei.

Disposición final segunda. Entrada en vigor

1. Esta lei entrará en vigor no momento da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.




Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



ANTECEDENTES

- Constitución Española.
- Estatuto de Autonomía de Galicia.
- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- Lei Foral 5/2018, do 17 de maio, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno (Comunidade Autónoma de Navarra).
- Lei 5/2017, do 1 de xuño, de Integridade e Ética Públicas (Comunidade Autónoma de Aragón).
- Lei 19/2014, do 29 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (Comunidade Autónoma de Cataluña).
- Acordo Interinstitucional do Parlamento Europeo e a Comisión Europea do 23 de xuño de 2011.
- Decreto 8/2018, do 20 de febreiro, polo que se crea e regula o rexistro de grupos de interese de Castela - A Mancha.
- Regulamento do Parlamento de Cataluña.
- Proxecto de lei, da Generalitat Valenciana, reguladora da actividade de *lobby* no ámbito da Generalitat e do seu sector público instrumental.

Pazo do Parlamento, 11 de decembro de 2018



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2018 11:39:14
Nº Rexistro: 41626
Data envío: 11/12/2018 11:39:14.601

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 11/12/2018 11:38:04



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 26.03.2019 Hora: 10:00
Orde do día

3. Comparecencia

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 26.03.2019 Hora: 10:00
Orde do día


3.1 47929(10/CPP-000096)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Da Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda,
por petición propia, para dar conta da súa política en
materia de xestión de residuos




XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



galicia



Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno- da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para dar conta "**da súa política en materia de xestión de residuos**".


Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Asinado por: GARCÍA SEÑORÁNS ALVAREZ, BLANCA
Data e hora: 18/03/2019 13:58:00

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 26.03.2019 Hora: 10:00
Orde do día

4. Mocións

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 26.03.2019 Hora: 10:00
Orde do día

4.1 47839(10/MOC-000132)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co sector da industria electrointensiva galega e o expediente de regulación de emprego temporal presentado por Ferroatlántica. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 41768, publicada no BOPG nº 405, do 03.01.2019, e debatida na sesión plenaria do 12.03.2019)

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 13 de marzo, sobre a política da Xunta de Galicia en relación co sector da industria electrointensiva galega (doc. núm **41768**, [10/INT-001396]).

Moción

“O Parlamento galego acorda instar á Xunta de Galiza a:

1. Demandar a Ferroatlántica da retirada do ERTE por inxustificado, a reactivación inmediata dos fornos 13 e 14 de Cee-Dumbría e cesar no desmantelamento encuberto dos centros de Cee-Dumbría e Sabón.
2. Manter un contacto permanente cos traballadores e traballadoras dos centros de Ferroatlántica en Galiza e coas corporacións municipais dos concellos afectados para defender o mantemento dos postos de traballo e da actividade produtiva.
3. Desenvolver os informes e estudos necesarios para esixir, como titular das concesións hidroeléctricas do río Xallas, que Ferroatlántica garanta a viabilidade das plantas tanto en Cee-Dumbría como en Sabón, mantendo os postos de traballo, a actividade produtiva e os investimentos precisos para cumprir cos requisitos de cesión. De non cumprirse, a Xunta de Galiza comprométese a desenvolver o proceso de reversión destas.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2019 12:39:02
Nº Rexistro: 47839
Data envío: 15/03/2019 12:39:02.679

4. No caso de continuar Ferroatlántica na destrución de emprego e actividade produtiva, demandar do goberno central a paralización de calquera tipo de compensación para Ferroatlántica das contempladas no RD 20/2018 para as industrias electrointensivas por incumprir a condición de que estas axudas estean vinculadas ao mantemento da actividade.

5. Esixir ao goberno central a inmediata aprobación do Estatuto de Electointensivas e o seu consenso co sector electrointensivo galego.

6. Esixir ao goberno central a non aplicación na industria galega da suba de prezo da enerxía por mor da aplicación dos suplementos territoriais en canto non se resolvan os recursos pendentes. De non prosperar, esixir que a suba sexa asumida polo Estado.”

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: p1G6Jlw4f6
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 15/03/2019 12:39:02

Nº Rexistro: 47839

Data envío: 15/03/2019 12:39:02.679



Noa Presas Bergantiños na data 15/03/2019 12:38:09

Ana Pontón Mondelo na data 15/03/2019 12:38:15

CSV: p1G6Jlw4f6
Validado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 26.03.2019 Hora: 10:00
Orde do día

4.2 47848(10/MOC-000133)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de vivenda protexida. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 44325, publicada no BOPG nº 423, do 31.01.2019, e debatida na sesión plenaria do 12.03.2019)



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2019 13:11:30
Nº Rexistro: 47848
Data envío: 15/03/2019 13:11:30.997



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea** por iniciativa do seu deputado e voceiro suplente **Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación **núm. 44325 (10/INT-001451)** debatida na sesión plenaria do 12 de marzo, sobre a política do Goberno galego en materia de vivenda protexida.

MOCIÓN:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

- 1) Elaborar un Plan de impulso da Vivenda pública de aluguer social para os vindeiros 4 anos que inclúa as ferramentas necesarias para incrementar substancialmente o Parque público de vivenda de aluguer social, duplicando cando menos a vivenda pública existente actualmente en Galiza nese período, e que diagnostique correctamente as necesidades tanto cuantitativas como de ubicación de dita vivenda.
- 2) Modificar a Lei 2/2016 do solo de Galiza co obxectivo de fixar no 30% a porcentaxe mínima de reserva de solo para vivenda de protección, eliminando as excepcións contempladas no artigo 42.9.”

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Deputado e Voceiro S. do G.P. de En Marea.

CSV: u2xYDQkzR8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csv/>






PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2019 13:11:30
Nº Rexistro: 47848
Data envío: 15/03/2019 13:11:30.997

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 15/03/2019 13:10:57



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 26.03.2019 Hora: 10:00
Orde do día

4.3 47849(10/MOC-000134)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia lingüística. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 37279, publicada no BOPG nº 362, do 26.09.2018, e debatida na sesión plenaria do 12.03.2019)



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte moción para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria do día 12 de marzo de 2019, sobre os criterios do Goberno acerca da normativa do galego (doc. núm. 37279).

Moción

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que:

- 1º) Derroque o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia
- 2º) Garanta que ao remate das etapas educativas nas que o ensino da lingua galega sexa obrigatoria, o alumnado coñeza nos seus niveis oral e escrito a lingua galega en igualdade co castelán.
- 3º) Manteña a existencia da acreditación do coñecemento da lingua galega nos procesos de ingreso, acceso e adquisición de novas especialidades nos corpos docentes naqueles procesos que se desenvolvan na comunidade autónoma de Galicia.
- 4º No acceso aos postos da Administración xeral autonómica de Galicia se manteña como requisito a acreditación do coñecemento da lingua galega.

Pazo do Parlamento, 15 de marzo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 15/03/2019 13:00:47

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es


CSV: 2d4N4X5k0u8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2019 13:12:32
Nº Rexistro: 47849
Data envío: 15/03/2019 13:12:32.832

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 15/03/2019 13:00:56



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 26.03.2019 Hora: 10:00
Orde do día

5. Proposicións non de lei

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 26.03.2019 Hora: 10:00
Orde do día

5.1 42194(10/PNP-003186)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en
relación coa industria electrointensiva

Publicación da iniciativa, 410, 14.01.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2018 11:36:58
Nº Rexistro: 42194
Data envío: 28/12/2018 11:36:58.195

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á industria electrointensiva.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante as últimas semanas varias comarcas do noso país recibiron a ameaza de peche ou baixada de produción industrial de empresas como Alcoa ou Ferroatlántica. Isto acontece nun momento de escalada do prezo da electricidade e de grande inestabilidade nas industrias electrointensivas por mor das mudanzas no sistema de interrumpibilidade e do resultado das poxas. Porén, ten nas súas raíces tamén décadas de falta de planificación industrial por parte da Xunta de Galiza e do goberno central.

Froito desta situación están hoxe en situación de risco arredor de 400 postos de traballo na factoría de Alcoa na Coruña ao que veñen de sumarse arredor de 500 entre todos os centros de produción pertencentes a Ferroatlántica en Sabón e Cee-Dumbría. Unha situación preocupante que suporía avanzar na perda de músculo industrial da economía galega, que cada vez descansa máis no sector servizos e menos nas áreas que poderían desenvolverse con base á innovación e a xeración do valor engadido.

CSM-REXISTRO-GO/AwEVu-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramitas/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2018 11:36:58
Nº Rexistro: 42194
Data envío: 28/12/2018 11:36:58.196

Esta situación é favorecida pola regulación do mercado de traballo despois das reformas laborais de PP e PSOE, que coartan a capacidade de negociación laboral da clase traballadora, e pola ausencia dun marco galego de relacións laborais. Así mesmo, é favorecida pola ausencia de fiscalización do Estado ao sector electointensivo, que durante anos ingresou importantes primas pola xestión da demanda sen que ninguén esixira a cambio o mantemento dos postos de traballo ou a modernización produtiva.

Máis aínda, esta é unha situación inxusta para un país cunha enorme potencia produtora de enerxía, que exporta unha media dun 35% cada ano. É cada vez máis evidente que a Galiza de hoxe sofre as consecuencias dun proceso de explotación colonial no que por decisións alleas o noso país ten imposto o papel de produtor de enerxía. Isto obedece a un deseño centralista do Estado español, que mentres nos adxudicou ese papel e impediu que teñamos beneficios que compensen o seu impacto social e ambiental, reservaba para outros lugares ser o centro da industrialización e do desenvolvemento económico.

Cómpre tamén recordar que no caso de Ferroatlántica estamos a falar dunha empresa que obtén parte dos seus importantes beneficios anuais grazas á explotación dos nosos recursos naturais, por exemplo na mina de Serrabal onde obtén unha materia prima excepcional malia que despois non desenvolver a súa transformación pechando o ciclo produtivo en Galiza, ou no centro de Cee-Dumbría mediante a explotación hidráulica do río Xallas. Recentemente Villar Mir pretendeu levar a cabo unha operación de especulación intentando vender esas centrais, que son unha cesión pública baixo o compromiso do mantemento dos postos de traballo. Porén, a forza colectiva dos e das traballadoras e do pobo galego conseguiron facer presión para que iso non chegar a acontecer. Vemos, nesta nova operación que busca castigar as fábricas galegas, que



CSV REXISTRO: QYAXwEu-3
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2018 11:36:58
Nº Rexistro: 42194
Data envío: 28/12/2018 11:36:58.196

son rendíbeis economicamente, un intento de vinganza e chantaxe que non imos permitir.

Estamos diante dunha situación excepcional que require dunha forte intermediación por parte das administracións para evitar que o modelo de industria colonial que se ten aplicado, sumado ao irracional sistema de xestión eléctrica, supoñan novas perdas en materia de emprego e tecido industrial.

Por todo isto o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza acorda, por resolución, expresar a súa solidariedade cos traballadores e traballadoras de Alcoa e Ferroatlántica e comprometerse na defensa do mantemento do emprego e da capacidade produtiva en todos os centros do país.

O Parlamento de Galiza acorda demandar da Xunta de Galiza e do goberno central que traballen nos seguintes obxectivos:

1. A demanda ás empresas da retirada das ameazas de ERE sobre calquera dos seus centros de produción situados en Galiza e o mantemento dos investimentos e postos de traballo en Galiza.

2. Constituír unha mesa de seguimento estábel participada polos sectores dependentes das poxas de interrompibilidade, no que se inclúan os comités de empresa e organizacións sindicais, de cara a analizar as repercusións para Galiza das poxas de



CSV REXISTRO: QYAXEYU-3
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2018 11:36:58
Nº Rexistro: 42194
Data envío: 28/12/2018 11:36:58.196

interrompibilidade, elaborar propostas para a súa modificación e impulsar a planificación no desenvolvemento industrial e a fixación de emprego.

- ☐ 552.099€, de 5.520.990€ financiable e do 1.945.219€ da solicitada (é dicir, o 10% do orzamento financiable). IG100 IGAPE.
- ☐ IGAPE (Incentivos Rexionais), non concedida.
- ☐ 508.750€ dos 2.554.000€ solicitado e 5.108.000€ do orzamento financiable. REINDUS 2009





Resumindo, os préstamos concedidos a interese 0% e dous anos de carencia foi de:

1ª Fase: 2.645.520 €
2ª Fase: 508.750 €


Un total de 3.154.270 € que equivalía ao 27,45% do orzamento financiable (REINDUS 2007 e 2009) máis os 508.750 € do IG100 a fondo perdido ao remate da inversión.

No 2008, solicita de novo unha axuda ao Plan Ferrol para a renovación da Liña 1 de produción, concedéndolle 922.720 € dun orzamento financiable de 2.742.400 €. REINDUS 2008.

Cadro resumo:

Liña de Cast	Préstamo REINDUS 2007	2.645.520
	Préstamo REINDUS 2009	922.720
	A fondo perdido IG100 2007	552.099
Renov. Liña 1	Préstamo REINDUS 2008	922.720
	Total	4.629.089

A Empresa chegou a ter ingresado nas súas contas a contía de 4.490.960 € que tivo que devolver ao non desenvolver as inversións comprometidas nos proxectos presentados.






Xa metidos no 2010, e coincidindo coa “Crise económica” como xustificaron algúns, entre eles a Dirección de Poligal, serviu de escusa para paralizar as inversións, deixando só a construción da nova nave na parte de atrás da empresa pero sen maquinaria nin renovacións da mesma. A escusa, a crise.

Entón, ano tras ano a Empresa comeza en Narón un proceso de axustes e reorganización que levaron consigo a presentación de varios Expedientes de Regulación algúns deles rexeitados pola Autoridade Laboral e outros non chegaron a presentarse por falta de acordo. Así se aguanta a situación até a chegada da Reforma Laboral do 2010, onde as normas de xogo cambian drasticamente para a parte social.

A partires de aquí a empresa apoiada no sustento que lle daba a Reforma Laboral realizou un Expediente de Regulación de Emprego 2010-2011 que supuxo a suspensión de emprego para a plantilla de 4 meses que se prorrogaron no 2011-2012 con outros 2 meses de suspensión.

A finais do 2012 e tras rematar os ERE's de suspensión, é cando na Empresa desembarca o que actualmente é o CEO do grupo Poligal e propón á parte social unha redución de 35 postos de traballo ou o peche. É entón cando se asina un Acordo Global con data 29/11/12 onde se acorda a extinción de 35 postos de traballo e un mes de suspensión para o resto a cambio dun Plan de Viabilidade contendo unha estabilidade laboral e inversións que garantía o futuro da planta de Narón.

Cabe resaltar que dito Plan de Viabilidade foi asinado polo propio Santiago Font, CEO do grupo Poligal.





Do Plan, só se investiu nunha regranuladora, quedando pendente a parte importante da renovación da factoría, e a que garantiría o futuro, a inversión na liña 1 de produción, e a liña de cast, nas que acordouse investir ao redor duns 6 millóns de euros. Este incumprimento por parte da empresa foi denunciado pola representación dos traballadores existindo unha sentenza firme do TSXG que obriga a empresa a cumprir os seus compromisos no acordo de extinción dos 35 postos de traballo.

Pasa o tempo e a empresa inviste máis de 40 millóns de euros nunha nova fábrica en Polonia, Skarbimierz, e na factoría de Portugal montan unha liña de cast, cunha inversión de 15 M€. E a maiores anuncian na prensa a súa intención de seguir medrando, incluso plantexando mercar unha fábrica en México. Todas elas producindo produtos cuxas patentes foron desenvoltas en Narón onde se encontra a súa unidade de I+D+i.

A Empresa crea unha maraña organizativa coa única **finalidade de descapitalizar e deslocalizar calquera empresa en calquera momento, e facer imposible coñecer de verdade a rendibilidade concreta de cada factoría**. Así temos que:

- Os responsable de compras, de vendas, director financeiro, recursos humanos, calidade, I+D, seguridade alimentaria, son os responsables das tres (Polonia, Narón e Portugal).
- Poligal Global Service é a comercializadora do grupo e único cliente das tres factorías, eles deciden o que se fai, cando e onde, podendo así manexar os pedidos en funcións dos intereses empresariais. A maiores, as tres factorías pagan un canon a esta comercializadora pola prestación de servizos. Nesta comercializadora están centralizadas tamén as nóminas dos que son xefes e responsables das 3 empresas simultaneamente. Por certo,





Poligal Global Service opera dende as instalacións de Poligal Narón sen abonar aluguer nin ningún outro servizo do que é usuario.


- Incrementaron gastos conscientemente (uns 500.000 €) á planta de Narón ao non ser copartícipes o resto de factorías dos custes de fabricación de especialidades de I+D, repercutindo o 100% deste custe na factoría de Narón. Os traballadores exixiron en varias reunións coa empresa que eses custes de probas de materiais, do que se van a beneficiar o resto das empresas do grupo debería ser presupostado anualmente e costeadado entre as tres.

A situación actual é a descrita no inicio desta exposición de motivos, e Poligal Narón está ameazada de morte. A empresa alega que o mercado está sobrecapitado, pero se desenvolveron inversións en novos proxectos fora e non aquí, onde tiñan o compromiso, incluso con sentenza firme por incumprimento do acordo global do ERE do 2012, que ignoraron. Os traballadores van a exixir a execución da mencionada sentenza.

Poligal Narón conta cunha plantilla máis que cualificada, nestes anos conseguíronse os máis altos recoñecementos en calidade e seguridade alimentaria, chegando a obter e manter a BRC.

Esta planta e plantel teñen a característica de innovación e desenvolvemento de materiais especiais, recordando que o propio empresario definía Poligal Narón como a “Boutique” do grupo.

Resumindo:





- Hai unha evidencia de mercado actual e potencial e pedidos en vigor na planta de Narón. A factoría de Narón exporta o 80% da súa produción polo que non está limitada aos movementos do mercado local en España.
- A empresa non xustifica en absoluto as teóricas perdas deste centro de produción, e en caso de explicitarllas evidenciase que poden deberse a enxeñería contable e a imputación desmesurada de costes de todo o Grupo a esta factoría.
- Narón produce plásticos especiais que só se producen nesta factoría do Grupo, pero a empresa di que manterá o mercado, pero non se sabe de onde sacarán estes produtos. O que parece que pensan facer é levar as patentes desenvoltas en Narón a outras factorías e montar maquinaria en nas plantas doutros países.
- A actividade de I+D+i desenvólvese en Narón cos seus custos derivados, polo que os beneficios en forma de novos produtos deberían recaer tamén nesta factoría.

Por todo elo encontrámonos diante dunha ilexítima e inxusta deslocalización, cunha decisión empresarial de primar outras plantas, a pesares de que o Grupo creouse en Narón e alí desenvolven todos os produtos, todo elo con axudas públicas da Xunta de Galicia e do Goberno de España.

Ante todo o exposto e considerando que o Goberno da Xunta de Galicia debe intervir e a este fin, En Marea presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:**

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- 1.- Intervir de maneira contundente ante a empresa para garantir o mantemento da actividade e dos postos de traballo na planta de Poligal en Narón.





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 47456
Data envío: 07/03/2019 14:32:35.625




2.- Desenvolver todas as accións necesarias para conseguir que a empresa, como primeiro paso na negociación de posibles solucións ao conflito, retire o plan de liquidación por non estar en absoluto xustificado. Deste xeito recibir a nivel de Conselleiro aos representantes sociais de Poligal para desenvolver as estratexias necesarias para reverter o peche e o ERE.

3.- Exixir a empresa, como receptora de axudas para a súa implantación e desenvolvemento, a realización dunha auditoría, con control público, que explicita se Poligal Narón está a ser cargado con custos que non lle corresponderían, o que podería alterar as súas contas de resultados.

4.- Considerar a exixencia de devolución das axudas adxudicadas a empresa, en caso de insistir na súa intención de liquidar a factoría e deslocalizar a produción a outros países.

5.- Modificar todas as convocatorias de axudas directas, financeiras ou subvencións de calquera tipo as empresas para que inclúan cláusulas de garantía da actividade produtiva e dos postos de traballo a medio/longo prazo, en función dos importes das mesmas.

6.- Reforzar e apoiar ante a empresa aos traballadores de Poligal na súa exixencia de cumprimento da sentenza xudicial que lle obriga a facer inversións que melloren a competitividade da planta de Narón.





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 47456
Data envío: 07/03/2019 14:32:35.625



7.- Instar ao Goberno do Estado e trasladar ao Congreso dos Deputados a necesidade dunha Lei que axude a impedir ou limitar a deslocalización de centros de produción ou servizos perfectamente viables coas actuacións tecnolóxicas, de I+D+i e de produtividade necesarias.

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2019.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Manuel Lago Peñas

Luís Villares Naveira

Deputados e voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 07/03/2019 14:31:10

José Manuel Lago Peñas na data 07/03/2019 14:31:22

Luis Villares Naveira na data 07/03/2019 14:31:31

CSV: gal/Ser7v5
Villares Naveira
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 26.03.2019 Hora: 10:00
Orde do día

6. Interpelacións

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 26.03.2019 Hora: 10:00
Orde do día

6.1 46711(10/INT-001549)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a política do Goberno galego en relación coa atención
primaria da saúde

Publicación da iniciativa, 441, 06.03.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2019 13:19:25
Nº Rexistro: 46711
Data envío: 22/02/2019 13:19:25.469



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación**.

A Atención Primaria está orientada á promoción da saúde e a prevención da enfermidade, o que supón un eixo fundamental no sistema sanitario que funciona como o elemento coordinador e como porta de entrada do sistema. A Lei Xeral de Sanidade, asigna a AP unha función de xestión e coordinación dos procesos asistenciais así como a atención dos pacientes no sistema, orientada a prestar unha atención integral e facilitar a accesibilidade dos servizos.

Con todo, coas políticas levadas a cabo nestes últimos anos, a AP na sanidade pública de Galicia está a sufrir un dos deterióros máis agudos do Servizo Galego de Saúde que se traduce principalmente na necesidade de medios materiais e humanos que poidan facer fronte a unha demanda asistencial de calidade sen sobrecargas de traballo, listas de espera ou falta de especialistas. Devolvendo a capacidade de xestión na Atención Primaria a través de figuras como a de xerente de Atención Primaria que foi eliminada polo Goberno do Partido Popular e que recortou a autonomía na Atención Primaria facendo depender a esta da Atención Hospitalaria.

Parece que gracias ás constantes mobilizacións das traballadoras e traballadores do Servizo Galego de Saúde e á sociedade no seu conxunto, o Goberno comeza a elaborar accións encamiñadas a un novo Plan de saúde na Atención Primaria que aínda está en fase de borrador.

CSM-BaUnBUNF1
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csv/>






Si ben resulta positivo ver que o Goberno sae da fase negación na que estaba, o borrador presentado resulta algo ambiguo e pouco concreto especialmente en materia orzamentaria, unha cuestión fundamental para cubrir a falta de recursos.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Interpelación:

- Cal é a porcentaxe orzamentaria que manexa incrementar a Xunta de Galicia para levar a cabo as medidas a medio, curto e longo prazo que se expoñen no Plan?
- Considera o Goberno que o presunto incremento de prazas vai a paliar a situación da necesidade inmediata de persoal?
- Como pensa o Goberno solucionar o problema concreto da pediatría?
- Respecto as competencias de enfermería, pensa poñer máis medios para este colectivo dada a súa actual carga asistencial e a suposta asunción de novas competencias no borrador do Plan?
- Por que non contempla o Goberno a curto prazo poñer solución ás demandas dos profesionais dos Puntos de Atención Continuada?
- Por que non se recupera a figura da xerencia de Atención Primaria?
- Cales foron os criterios empregados para a creación dos grupos de traballo?
- Por que non se tivo en conta ás xefaturas de servizo de Vigo que presentaron a súa dimisión?

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández
Deputada do G.P. de En Marea.






PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2019 13:19:25
Nº Rexistro: 46711
Data envío: 22/02/2019 13:19:25.469

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 22/02/2019 13:03:39



CSV: EulmBuNF1

Verificado

<https://secre.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 26.03.2019 Hora: 10:00
Orde do día

6.2 47099(10/INT-001565)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación coa posición amosada polos colectivos e profesionais respecto das medidas anunciadas para reformular o modelo de atención primaria no sistema público sanitario, así como a incidencia destas nos problemas existentes

Publicación da iniciativa, 441, 06.03.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 47099
Data envío: 28/02/2019 16:11:49.044

Á Mesa do Parlamento


Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A situación da atención primaria de Galicia está situada no centro do debate sobre o sistema sanitario público. A dimisión de case a totalidade dos xefes de servizo do área sanitario de Vigo, a máis grande de Galicia, sumada aos problemas cos profesionais dos PAC que levan meses reivindicando unhas melloras necesarias nas súas condicións laborais, e ás queixas habituais de colectivos sociais, profesionais e científicos sobre as decisións e actuacións da Xunta de Galicia, amosan un problema evidente de falta de xestión e de erro nas políticas autonómicas.

Arrastrado polas circunstancias, o Goberno da Xunta de Galicia tentou responder ás demandas dos profesionais e colectivos con medidas apresuradas, que repetían accións xa desenvolvidas en outros momentos temporais e que dificilmente frutificaron en cambios reais. As queixas e demandas dos profesionais, coa intención de mellorar a calidade asistencial, foron sistematicamente esquecidas e ninguneadas nos últimos anos pola Xunta de Galicia, e a situación actual deriva dese ninguneo. Por esta razón, moitos profesionais consideran que non parece útil repetir os mesmos procedementos que non resolveron nada ata aquí.

No momento actual, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Sanidade, vén de propoñer unha serie de medidas que pretenden “reformular o modelo de atención primaria”. Non en tanto, esta proposta non parece recibir o visto bo dos profesionais, que non ven que se recollan as propostas e ideas que poden contribuír a mellorar de maneira notoria o sistema de atención primaria. As queixas e reivindicacións son diversas, dende a consideración de non ter en conta medidas concretas propostas ata a denuncia dalgúns colectivos de ter sido ignorados (fisioterapeutas ou traballadores/as sociais, por exemplo).

A previsión de Recursos Humanos do sistema evidencia unha elevada perda de profesionais nos vindeiros anos, por cuestión de xubilacións, ao que non se engaden políticas que permitan planificar un relevo xeracional no sistema sanitario nin a curto, medio nin longo prazo. As propostas sobre accións que reformulen o sistema de funcionamento non teñen o consenso do sector, e xeran un amplo rexeitamento. As necesidades directas e inmediatas non están sendo



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 47099
Data envío: 28/02/2019 16:11:49.044

atendidas. A Xunta de Galicia, non en tanto, ten amosado a vontade de seguir adiante coas súas propostas.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia do rexeitamento amosado polos colectivos e profesionais ás medidas anunciadas para reformular o modelo de atención primaria?
2. Como valora a Xunta de Galicia que as únicas medidas propostas pola Xunta de Galicia para reformular a situación actual que non reciben tanta discusión teñan sido reverter algunhas medidas que o propio goberno autonómico tomara con anterioridade?
3. Considera a Xunta de Galicia que as medidas propostas para a suposta reformulación do modelo de atención primaria resolverán os problemas xurdidos ata o de agora?


Pazo do Parlamento, 28 de febreiro de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 28/02/2019 16:10:30

Noela Blanco Rodríguez na data 28/02/2019 16:10:35



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 26.03.2019 Hora: 10:00
Orde do día

6.3 47129(10/INT-001567)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco e 3 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co emprego no sector do telemárketing

Publicación da iniciativa, 441, 06.03.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2019 18:13:03
Nº Rexistro: 47129
Data envío: 28/02/2019 18:13:03.990



Á MESA DO PARLAMENTO

Francisco Casal Vidal, Manuel Lago Peña, Luis Villares Naveira e Paula Quinteiro Araujo, deputados e deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ao ERTE presentado pola empresa de Telemarketing Bosch de Vigo e a situación xeral deste importante sector en Galicia.

Bosch Service Solutions en Vigo conta cun cadro de persoal de 1.683 traballadores e traballadoras, dos cales o 55% é persoal indefinido. O resto son contratacións por obra e contratos de formación (o 3% do persoal). O 60% da plantilla pertence ao xénero feminino

Ademais Bosch ten unhas 350 persoas contratadas a través de Empresas de Traballo Temporal. Actualmente Bosch traballa con 5 ETT: ADER, IMAN Temporing, MANPOWER, SYNERGIE e GI GROUP. O 60% do persoal de ETT son mulleres.

A contratación por ETT non fai máis que contribuír a precarizar un sector xa de por si precario, onde o contrato estándar é por Obra e servizo, que permite despedir por diminución de volume na obra e só garante que o 50% do persoal sexa indefinido, sen ter en conta nesta porcentaxe as contratacións por ETT que fagan as empresas. Cabe destacar que estamos nun sector non temporal, a media de antigüidade do persoal de Bosch, por exemplo é superior aos 6 anos, o que non xustifica en absoluto estas cifras de temporalidade por motivos da actividade. Obxectivamente estamos ante un caso claro de ilegalidade contractual

CSV: 006XUdU6W5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csv/>





amparado nunha lexislación laboral permisiva e lesiva para as traballadoras, derivada da Reforma Laboral de 2012.

A media da xornada en Bosch é parcial de 35 horas, cun salario bruto mensual medio de 900€ ao mes (14 pagas). Moitos dos postos de traballo son a tempo parcial moito máis reducido, sendo usadas estas prácticas contractuais en moitas ocasións polas empresas para presionar e sancionar as traballadoras (o 75% do sector) de maneira torticeiramente legal.

O 60% do cadro de persoal de Bosch traballa para proxectos de Vodafone, principalmente en 3 servizos: Soporte Técnico, Provisión (xestión de altas) e Reclamacións. Un 30% traballa para servizos de Orange e o resto noutros servizos: Junkers, Repsol- Viesgo, Leaseplan...

Dende o mes de decembro a redución de carga de traballo por parte de Vodafone, motivada pola deslocalización de parte dos servizos a Colombia e Exipto, provoca que se despidan, ata o mes de marzo, as 200 persoas de ETT que traballaban nestes servizos. Para o persoal de plantilla a empresa presenta un ERTE ata o 31 de xullo que afectará, finalmente, a unhas 600 persoas con suspensións de entre 10 días ata un máximo de dous meses, dependendo do servizo e das tarefas que realicen.

En ningún momento por parte da empresa se intentou minimizar o impacto nin as consecuencias da medida, tanto no número de persoal afectado como en termos económicos.

Actualmente a empresa ten 98 vacantes no centro de Vigo para servizos distintos de Vodafone, pero se nega a recolocar ao persoal indefinido afectado polo ERTE





alegando que non consideran que cumpre o perfil apropiado, iniciando incluso campañas de contratación para persoal externo.

Pero hai que mirar moito mais alá e falar dun sector dos mais importantes, quizais o mais importante, de servizos de apoio as empresas no noso País onde da traballo a mais de 10.000 persoas, o 75% mulleres. Por contra non goza do recoñecemento social que merece e o mais grave do recoñecemento da Administración. No Goberno da Xunta de Galicia deben seguir a pensar que se trata dun emprego complementario e non ven a realidade de que a pesares da súa precariedade e o sustento principal de moitas familias, moitas delas dependentes de mulleres.

O sector caracterízase polos seus baixos salarios e pola precariedade contractual e constitúe un dos reflexos máis claros de que as novas xeracións foron as maiores prexudicadas pola crise económica da última década e polas últimas reformas laborais. Os soldos roldan os 900 euros para aquelas persoas que traballen 39 horas semanais (o máximo fixado no último convenio), pero estas son unha minoría. A maioría traballa 30, 25, 20 horas ou menos, cun salario medio duns 600-700 euros, que as obriga a buscar outros empregos a tempo parcial se queren ter uns ingresos dignos. Pero isto vese dificultado polas prácticas das empresas que non establecen horarios estables, con cambios permanentes o que dificulta moito buscar alternativas complementarias. Isto chega xa a niveis intolerables no caso das persoas contratadas a través das ETT que nalgúns casos coñecen os seus horarios cun semana de antelación e incluso menos.

É ademais un traballo duro, estresante, tanto polo volume de chamadas que teñen que atender cada día como polas crecentes esixencias introducidas polas empresas. Son moitas as denuncias en materia de saúde laboral e riscos psicosociais e son moitas as baixas por ansiedade ou depresión.





Traballadoras de varias empresas destacan que a súa situación empeorou nos últimos anos, a pesar de que a facturación do sector mantivo un crecemento constante (cun incremento nos seus ingresos do 7% ou do 8% cada ano). Pola contra, os salarios mantivéronse practicamente conxelados neste tempo, unha perda de poder adquisitivo do 5%.

A maiores, as traballadoras sofren a presión da deslocalización dos servizos a países con soldos máis baixos, o que provocou centos de despedimentos en moitas compañías (en Galicia, por exemplo, en Atento ou Extel, e agora Bosch). Ademais, a situación de precariedade laboral que se vive no conxunto da sociedade é aproveitada polas empresas de telemarketing para ofrecer menos garantías ao seu persoal. Estes despedimentos, ERE'S ou ERTE'S non están xustificadas polas cargas de traballo, que cada día son maiores, se non pola codicia de empresas que só pensan en mellorar os seus resultados, cargando ao Estado cunhas cargas sociais cada vez maiores.

Outra das cuestións común a case todas as compañías é o recurso cada vez máis estendido á contratación a través de empresas de traballo temporal. As persoas que son contratadas deste xeito contan con condicións laborais aínda peores. Moitas veces comunícanlles o horario o día anterior a entrar a traballar, así é imposible ter calquera plan de vida.

Por outra parte, as empresas recorren cada vez con máis frecuencia á vía xudicial e a incumprir os acordos e convenios asinados. Prefiren ir ao xulgado, porque na espera de 2 ou 3 anos ata que se resolve o caso a traballadora segue explotada e moitas veces abandona.





Todo isto resúmese en que todas estas traballadoras cobran a metade do que cobraba antes unha persoa facendo ese mesmo traballo directamente en Telefónica ou Gas Natural.

Todo o descrito parecería un reflexo da situación laboral dun país tercermundista, pero non, isto lles está pasando a moitos e moitas das nosas veciñas. Un Goberno responsable non pode estar de costas a esta realidade.

Por outro lado, a deslocalización dos servizos supón que os datos privados de todas aquelas persoas que teñan algunha liña telefónica, de portátil e/ou internet estean en mans de cidadáns non pertencentes á Unión Europea, en concreto os seguintes datos:

- Acceso a números de teléfonos, titulares e domicilios.
- Acceso a contas bancarias e posibilidade de modificalas
- Acceso á dirección IP de conexión a Internet, acceso a dirección IP do router, co que se pode entrar neste e nos aparatos conectados, coa posibilidade de poder informarse dos datos contidos en calquera deles conectado a Internet e introducir nos ordenadores desde virus, troyanos... até material ilegal.
- Información sensible acerca de facturación económica, número de liñas e produtos contratados, chamadas emitidas e recibidas, horarios destas, etc.
- Información relativa a horarios de atención de empresas e horarios de cando os particulares estean no seu domicilio.

Sendo maliciosos, calquera banda criminal puidese obter estes datos como a capacidade económica do abonado, onde se sitúa, as empresas que posúe, os horarios nos que non está no seu domicilio, as súas contas bancarias, etc.

Todo isto depende da Axencia de Protección de Datos que permite a transferencia desta información a países que cualifica de "seguros". Información





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2019 18:13:03
Nº Rexistro: 47129
Data envío: 28/02/2019 18:13:03.990



de empresas de telecomunicacións e entidades financeiras entre outros, co que a inmensa maioría da información que posúen están no estranxeiro; e por iso, calquera uso ilegal que se realice non pode ser perseguido en España xa que o noso Código Penal é inaplicable no estranxeiro.

O goberno podería impedir estas prácticas de protección dos dereitos da cidadanía e como consecuencia garantir o mantemento do emprego. O camiño viría pola modificación da Lei Xeral de Telecomunicacións e obrigando a todas estas empresas que facturan miles de millóns de euros no Estado e en Galicia garantan que todos os servizos de atención aos seus clientes teñan que ser atendidas dende España, impedindo en todo caso que os seus datos saian do espazo da UE.

Isto non supoñe un ataque á liberdade de empresa xa que o sector das Telecomunicacións é un sector estratéxico que necesita da concesión dunha licenza administrativa ad hoc, sendo regulada a súa actividade polo Estado, de tal forma que mesmo as tarifas son establecidas baixo autorización deste.

O Grupo Parlamentar de En Marea considera necesario a súa vez a redacción de Leis tanto estatais como autonómicas que desincentiven a deslocalización inxustificada de empresas polo mero feito de incrementar os marxes de beneficio, sobre todo no caso de compañías: que ostentan concesións públicas; contratos coa administración; que obtiveran calquera tipo de subvencións; que desenvolveran ERES ou ERTES que implican cargas económicas para a SS e as administracións públicas; etc.


Isto deberá ser obxecto dunha Lei mais específica que este Grupo presentará tanto no Parlamento de Galicia como no Congreso dos Deputados, aínda que no caso que nos atañe no sector do Telemarketing xa poderían ser implantadas polo Goberno da Xunta de Galicia, dentro das súas competencias, e por instancia ao Goberno do Estado como desenvolvemos nesta Interpelación.





Ante todo o exposto **En Marea considera que esta situación é intolerable por parte do Goberno da Xunta de Galicia e por elo presenta a seguinte Interpelación:**

- 1.- Considera a Xunta de Galicia solicitar publicamente tanto a Bosch como a Vodafone, responsables directas deste ERTE, que aclaren na medida do posible onde se vai a prestar o servizo de atención ao cliente, xa que as chamadas non desaparecen dun día para outro?
- 2.- Considera a Xunta de Galicia amosar o seu rexeitamento ao ERTE de Bosch no seu centro de Vigo e demandar a dita compañía e a Vodafone a súa retirada para garantir o mantemento da totalidade dos postos de traballo?
- 3.- Considera a Xunta de Galicia solicitar publicamente a derogación das últimas reformas laborais que permiten que estas situacións de precariedade laboral terceiromundista se estean a dar no noso País?
- 4.- Considera a Xunta de Galicia manifestar o seu compromiso para adoitar todas as medidas ao seu alcance para deixar sen efecto este ERTE e a loitar a longo prazo por mellorar as condicións dun sector tan relevante é neste País?
- 5.- Está disposta a Xunta de Galicia a establecer unha mesa de traballo cos representantes das traballadoras, das empresas e das que contratan os seus servizos neste sector do Telemarketing para chegar a acordos que eviten as regulacións de emprego e podan o camiño para unha mellora das condicións de traballo?
- 6.- Ten constancia a Xunta de Galicia da enorme importancia deste sector para o emprego en Galicia e neste eido está disposta a recibir a nivel de Conselleiros e do propio Presidente da Xunta a representantes dos traballadores para manifestarlles o seu compromiso co sector e darlle a relevancia que merece?
- 7.- Considera necesario a Xunta de Galicia vincular o outorgamento de subvencións, bonificacións ou axudas públicas a requisitos e obrigacións a





cumprir polas empresas receptoras para evitar a súa deslocalización, co compromiso de mantemento da actividade e do emprego, no marco da lexislación Europea e dos acordos internacionais?

8.- Considera necesario a Xunta de Galicia aumentar a dotación de medios humanos e materiais da Inspección de Traballo e Seguridade Social para garantir que se cumpre a lexislación laboral no sector do Telemarketing e desenvolver actuacións eficaces na comprobación das causas técnicas, produtivas, organizativas ou económicas que poidan alegar as empresas para solicitar ERES ou ERTES?

9.- Considera necesario a Xunta de Galicia solicitar a Axencia de Protección de Datos do Estado Español a prohibición de que os datos de cidadáns españoles poidan ser trasladados a países externos a Unión Europea?

10.- Considera necesario a Xunta de Galicia necesario e recomendable a modificación da Lei Xeral de Telecomunicacións para exixir a todas as compañías con licenzas en España en calquera actividade de voz, datos ou servizos audiovisuais a dar os servizos de atención ao cliente, soporte técnico e comercial por compañías establecidas no Estado Español?

11.- Considera necesario a Xunta de Galicia desenvolver campañas de comunicación para que os clientes destas compañías en Galicia soliciten que a súa atención sexa dada en galego?

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2019.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Manuel Lago Peñas

Luís Villares Naveira

Paula Quinteiro Araújo





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2019 18:13:03
Nº Rexistro: 47129
Data envío: 28/02/2019 18:13:03.990



Deputados e deputada do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 28/02/2019 18:11:54

José Manuel Lago Peñas na data 28/02/2019 18:12:02

Luis Villares Naveira na data 28/02/2019 18:12:09

Paula Quinteiro Araújo na data 28/02/2019 18:12:16

CSV: 6U6XUuU6W5
Validado:
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 26.03.2019 Hora: 10:00
Orde do día

7. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 26.03.2019 Hora: 10:00
Orde do día

7.1 47924(10/POPX-000136)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para
solucionar os conflitos laborais abertos nalgúns dos servizos
públicos fundamentais de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Voceiro do **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Presidente da Xunta de Galicia**.

Sr. Presidente, que vai facer para solucionar os conflitos laborais abertos en algúns dos servicios públicos fundamentais do país?

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 18/03/2019 16:31:07

CSM-117-9p00ku.1
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 26.03.2019 Hora: 10:00
Orde do día

7.2 47935(10/POPX-000137)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a posición do Goberno galego en relación coas
discriminacións a Galicia e cos privilexios de Ence



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2019 18:24:19
Nº Rexistro: 47935
Data envío: 18/03/2019 18:24:19.833

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

PREGUNTA AO PRESIDENTE:

Sr. Feijóo, por que leva dez anos calando ante as discriminacións a Galiza e só alza a voz para exercer como portavoz dos privilexios de ENCE?

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2019

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 18/03/2019 18:23:29

CSM:1UGppF2uQ2
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csv/>



Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 26.03.2019 Hora: 10:00
Orde do día

7.3 47936(10/POPX-000138)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para darlle resposta á contestación social respecto das súas políticas nos ámbitos centrais da súa acción de goberno



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2019 18:24:54
Nº Rexistro: 47936
Data envío: 18/03/2019 18:24:54.490

Á Mesa do Parlamento

Xoaquín Fernández Leiceaga, portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia**.

Sr. presidente, como pensa dar resposta á contestación social das súas políticas en ámbitos centrais na acción da Xunta de Galicia?

Pazo do Parlamento, 21 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Xoaquín Fernández Leiceaga**
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 18/03/2019 17:08:45



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 26.03.2019 Hora: 10:00
Orde do día

8. Preguntas ao Goberno

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 26.03.2019 Hora: 10:00
Orde do día

8.1 47923(10/PUP-000235)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 8 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da decisión do Ministerio de Xustiza de se apartar por primeira vez da proposta de creación das novas unidades xudiciais formulada de xeito consensuado pola Comisión Mixta formada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e o Goberno galego



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 47923
Data envío: 18/03/2019 14:48:09.337

Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Jacobo Moreira Ferro, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar, Alberto Pazos Couñago, César Fernández Gil, Julia Rodríguez Barreira, Encarna Amigo Díaz e Jaime Castiñeira Broz deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique canto antes a súa posición sobre este tema en Sede Parlamentaria.


Como é coñecido a competencia para a creación de novas unidades xudiciais, correspóndelle ao Goberno da Nación, e sempre que o Goberno Central procedeu a crear novas unidades a Xunta ten manifestado a súa dispoñibilidade para afrontar os gastos que supón a posta en marcha dos xulgados que lle resultan asignados a Galicia, que se estende a todos os custos en medios materiais (edificios, mobiliario, material informático) e aos medios persoais dos funcionarios que auxilian aos xuíces e fiscais.

Para adoptar as decisións sobre as necesidades de creación de novos órganos xudiciais é imprescindible a debida coordinación entre o Goberno autonómico – responsable dunha eficaz cobertura cos medios persoais e materiais adecuados- e o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que, como máximos representantes do Poder Xudicial en Galicia, teñen unha ampla visión das necesidades reais, da evolución dos asuntos e de datos obxectivos e estruturais de cargas de traballo, máis alá de percepcións particulares o situacións conxunturais.

É dicir, a mecánica para a creación de novas unidades pasa indiscutiblemente pola proposta da Comisión Mixta entre a Sala de Goberno do Tribunal Superior e a Xunta de Galicia.

Esta proposta que historicamente sempre se fixo de consenso, baséase na ponderación das necesidades de creación obxectivamente máis urxentes e o número de órganos a crear asignado a Galicia polo Goberno do Estado.

E así se fixo a finais do pasado ano considerando a Comisión Mixta a creación necesaria e inescusable de tres novos xulgados do social, concretamente –e en orde alfabética- dos que serían o novo Xulgado do Social Nº. 4 de Lugo, o novo Xulgado do Social Nº. 4 de Santiago de Compostela e o Xulgado do Social Nº. 6 de Vigo.



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 47923
Data envío: 18/03/2019 14:48:09.337

Pois ben, por primeira vez en todos estes anos a Xunta de Galicia atópase con que o Ministerio de Xustiza desatende a proposta formulada de consenso pola Comisión Mixta, solicitando informe para a creación de tres unidades non coincidentes en dous casos coa proposta.

Sabemos polos medios de comunicación que a Xunta de Galicia, á vista da contradición existente entre as prazas solicitadas e as que se participaron polo Ministerio, convocou de urxencia á Comisión Mixta para valorar o contido do informe a emitir.

Esta Comisión celebrouse o pasado 25 de febreiro e ratificouse na proposta de creación dos tres xulgados do social, insistindo na valoración da carga de traballo que reflicten os datos estatísticos do pasado ano 2018, sen prexuízo da dispoñibilidade á creación de máis prazas sempre e cando o foran a maiores dos tres xulgados do social mencionados.

Nese mesmo día, e a través de declaracións do Delegado do Goberno en Galicia, coñecemos que o Ministerio rectifica e si está disposto a crear un novo xulgado do social en Santiago. Gustaríanos saber se a dita creación anunciada polo Delegado do Goberno foi xa trasladada dun xeito formal á Xunta de Galicia.

Por outra banda non nos podemos esquecer do tamén necesario novo xulgado do social para Lugo do que a Comisión Mixta ratificou a súa necesidade obxectiva. Sobre este xulgado nada dixo o Delegado do Goberno e gustaríanos saber si o Ministerio de Xustiza ten trasladado algunha nova á Xunta de Galicia.


Por todo isto, os deputados e deputadas asinantes presentan a seguinte pregunta oral en Pleno polo trámite de urxencia:

-Cal é a opinión do Goberno sobre que o Ministerio de Xustiza se teña apartado por vez primeira da proposta de creación de novas unidades xudiciais, solicitadas de xeito consensuado pola Comisión Mixta formada polo Tribunal Superior de Xustiza e a Xunta de Galicia?

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com





**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 47923
Data envío: 18/03/2019 14:48:09.337

Paula Prado Del Río na data 18/03/2019 14:40:54

Jacobo Moreira Ferro na data 18/03/2019 14:41:35

María Isabel Novo Fariña na data 18/03/2019 14:41:46

Antonio Mouriño Villar na data 18/03/2019 14:42:00


Alberto Pazos Couñago na data 18/03/2019 14:42:12

César Manuel Fernández Gil na data 18/03/2019 14:42:24

María Julia Rodriguez Barreira na data 18/03/2019 14:42:34

María Encarnación Amigo Díaz na data 18/03/2019 14:42:44

Jaime Castiñeira Broz na data 18/03/2019 14:42:50



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión do Pleno do Parlamento
Día: 26.03.2019 Hora: 10:00
Orde do día

8.2 47931(10/PUP-000237)

Grupo Parlamentario de En Marea

